

## INFORMACIÓN SOBRE O DELF SCOLAIRE<sup>1</sup> EN GALICIA

CURSO 2016/2017

### 1-. Que é o DELF escolar?

A partir do presente curso escolar, o alumnado dos centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia poderá obter o Diploma de Estudos en Lingua Francesa -DELF Escolar- grazas a un convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Servizo de Cooperación e de Acción Cultural da Embaixada de Francia en España.

Os diplomas DELF (*Diplôme d'Études en Langue Française*<sup>2</sup>) son os diplomas oficiais de lingua francesa expedidos polo Ministerio de Educación Nacional de Francia e recoñecidos internacionalmente por 174 países. A súa validez é indefinida.

No ámbito académico, favorecen a mobilidade estudiantil internacional ao certificar o coñecemento en lingua francesa:

- O nivel B1 é obrigatorio en España para obter o grao universitario.
- O DELF B2 constitúe un acceso directo ás universidades francesas e permite obter unha bolsa *Erasmus*.

O DELF consta de 4 diplomas independentes entre si correspondentes aos niveis A1, A2, B1 e B2 do *Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCERL)*. As probas para a obtención do DELF escolar son probas adaptadas ao alumnado adolescente e teñen a mesma validez oficial que o DELF escolar para persoas adultas.

Cada diploma avalía as 4 destrezas lingüísticas: comprensión e expresión escritas e comprensión e expresión orais. As notas das mesmas son compensatorias entre si, sendo a nota mínima esixible en cada unha das destrezas de 5/25. A nota media para a obtención do diploma é de 50 puntos sobre 100.

### 2-. Que alumnado pode presentarse ao DELF escolar?

Todos aqueles alumnos e alumnas que cursen estudos en centros públicos de ensino secundario da Comunidade Autónoma de Galicia que estuden a materia de francés como primeira ou segunda lingua estranxeira, que estean matriculados nunha sección bilingüe en francés ou que cursen o programa de dobre titulación francés-español *BachiBac*.

---

<sup>1-2</sup> *Diploma de estudos en lingua francesa*. En adiante, DELF escolar.

### 3- Onde se realizan as probas do DELF ESCOLAR?

Os centros acreditados para a obtención do DELF escolar que colaborarán coa Consellería son a Alianza Francesa da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo.

As probas realizaranse en seis centros educativos da Comunidade de Galicia designados pola Consellería en: A Coruña, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo.

Cada un destes centros está vinculado ao centro da Alianza Francesa acreditado que lle corresponde e conta con profesorado con formación pedagóxica específica habilitado oficialmente como examinador e corrector do DELF.

### 4- Cando ten lugar a convocatoria?

O diploma DELF ofrece unha convocatoria anual que terá lugar nas seguintes datas:

DELF SCOLAIRE	PROBAS ESCRITAS COLECTIVAS	PROBAS ORAIS INDIVIDUAIS	TARIFAS <sup>1</sup>	Publicación dos resultados: mércores 21 de xuño.
DELF A2 scolaire	Xoves 27 de abril, de 17.00 a 18.40	Entre o luns 24 de abril e o sábado 20 de maio.	68,00 €	
DELF B1 scolaire	Mércores 26 de abril, de 17.00 a 18.45		88,00 €	
DELF B2 scolaire	Xoves 27 de abril, de 17.00 a 19.30		104,00 €	

<sup>1</sup> Co presente convenio ofértanse taxas de exame preferenciais cunha redución do 30%.

### 5- Proceso de inscrición do alumnado participante

O prazo de matrícula é do 1 ao 28 de febreiro de 2017.

Os centros interesados en presentar o seu alumnado ás probas do DELF escolar deberán contactar, **antes do 31 de xaneiro de 2017**, coa sede da Alianza Francesa correspondente co fin de xestionar a súa inscrición no programa. Así mesmo, deberán enviar á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria -a través do correo electrónico [delfescolar@edu.xunta.es](mailto:delfescolar@edu.xunta.es)- o **Anexo I** debidamente cuberto, selado e asinado **antes do 28 de febreiro de 2017**.

Unha vez formalizada a matrícula, os centros da Alianza Francesa correspondentes remitirán á Consellería de Educación un listado cos datos do alumnado e dos centros participantes.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as Alianzas Francesas da Coruña, Santiago e Vigo convocarán os centros e alumnado interesados no lugar de realización das probas que lles corresponda nas datas previstas.

Santiago de Compostela, 20 de decembro de 2016

## Ligazóns de interese

---

<http://www.edu.xunta.gal/portal/node/19401>

Alliance Française de Vigo: <http://www.alliancevigo.org/contacto/>

Alliance Française de A Coruña: <http://afcoruna.com/contacto/>

Alliance Française de Santiago: <http://www.afsantiago.es/>

Modelos de exames: [www.delf-dalf.es](http://www.delf-dalf.es)

## Centros oficiais acreditados: *Alliance Française*

---

### **Alliance Française de A Coruña**

Rúa Real, 26-1º 15003 A Coruña

Teléfono: 981 22 23 56

Correo electrónico: [info@afcoruna.com](mailto:info@afcoruna.com)

### **Alliance Française de Santiago de Compostela**

Rúa do Hórreo, 23-1º 15702 Santiago de Compostela

Teléfono: 981 56 16 39

Correo electrónico: [info@afsantiago.es](mailto:info@afsantiago.es)

### **Alliance Française de Vigo**

Rua República Argentina, 22-1º 36201 Vigo

Teléfono: 986 43 61 09

Correo electrónico: [info@alliancevigo.org](mailto:info@alliancevigo.org)